





E₁ M₃ B₃ A₁ R₁ A₁ Z₁₀ O₁

PROTECCIÓN DA MATERNIDADE NO TRABALLO



Mírelo por onde o mires...
TODO SUMA

A situación de embarazo non é unha enfermidade, senón un aspecto máis da vida cotiá.

Pero existen algúns riscos específicos no medio laboral que poden afectar tanto a saúde da traballadora coma a do feto ou a do bebé lactante.

O empresario ou empresaria ten a obriga legal de protección fronte a estes riscos laborais.

AVALIACIÓN





AVALIACIÓN INICIAL DE RISCOS



A avaliación dos riscos laborais é o proceso dirixido a estimar a magnitude daqueles riscos que non se puideron evitar.

A **avaliación inicial** dos riscos para a seguridade e a saúde deberá comprender a determinación da natureza, o grao e a duración da exposición das **traballadoras en situación de embarazo, parto recente ou lactación natural** a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras, do feto ou do lactante **en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico** (art. 26.1 e 26.4 LPRL).

Como resultado desta avaliación, deberá determinarse, **tras consulta** cos representantes dos traballadores, a **relación dos postos de traballo exentos de riscos** para estes efectos (art. 26.2 LPRL).

Esta avaliación **inicial**, que se levará a cabo **independentemente de que o posto de traballo estea ocupado ou non por unha muller embarazada ou en período de lactación**, é de suma importancia para a correcta e pronta información sobre os riscos.

A traballadora **non ten obriga de comunicar o seu estado** e debe ser coñecedora de que pode estar poñendo en perigo a súa saúde e a do feto ou do bebé lactante se existen riscos no seu posto de traballo, así como da importancia dunha detección precoz do embarazo.

P R O T E C C I Ó N





AVALIACIÓN ADICIONAL



Ante a comunicación por parte dunha traballadora, nun posto con risco, da súa situación de embarazo, parto recente ou lactación natural (estado biolóxico coñecido que a fai especialmente sensible ás condicións do posto), **deberá volverse avaliar o posto de traballo** (art. 4.2 RSP).

Analizarase a interacción entre os factores de risco detectados e as condicións individuais da muller para garantir a **compatibilidade** do posto de traballo coas devanditas **condicións particulares**.

Tamén se levará a cabo unha **vixilancia da saúde da traballadora** para estudar e valorar os riscos que a poidan afectar e **propoñer así as medidas preventivas axeitadas** (art. 37.3 g RSP).



LPRL: Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

RSP: Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.



PLANIFICACIÓN PREVENTIVA



No caso de que exista algún risco, e sempre que este non se poida eliminar, as medidas preventivas serán xerarquizadas e priorizadas na seguinte orde (art. 26.2, 26.3 e 26.4 LPRL):

1. Adaptación das condicións ou do tempo de traballo.

Poderán modificarse as condicións de traballo, reducir o tempo de exposición ou restrinxir as tarefas con risco, incluíndo a non realización de traballo nocturno ou de traballo a quendas, cando resulte necesario.

2. Cambio a un posto de traballo exento de risco.

O cambio a un posto ou función compatible será levado a cabo tendo en conta a relación de postos de traballo exentos de riscos confeccionada anteriormente como resultado da avaliación inicial. Terá efectos ata o momento en que o estado de saúde da traballadora permita a súa reincorporación ao anterior posto.

3. Suspensión de contrato por risco durante o embarazo ou a lactación natural de fillos menores de nove meses.

Comportará a xestión da prestación por risco laboral durante o embarazo ou a lactación natural. A súa solicitude debe realizala a traballadora afectada e é necesario o apoio por parte da empresa na súa xestión.

É unha prestación de seguridade social considerada como continxencia profesional, de xeito que o recoñecemento e xestión económica se realiza a través do Instituto Nacional da Seguridade Social ou da Mutua colaboradora coa Seguridade Social, segundo con quen teña concertada a empresa a cobertura das continxencias profesionais.

Cómpre lembrar que tamén é desexable que a empresa dispoña dun **protocolo por escrito que aclare os pasos que deben seguirse** dende o momento en que a traballadora comunica o seu estado, así coma a persoa ou persoas responsables de poñer en marcha as accións planificadas. Pódese seguir o procedemento proposto na Nota Técnica de Prevención 992 do Instituto Nacional de Seguridade, Saúde e Benestar no Traballo.

Ademais destas medidas, as traballadoras embarazadas **terán dereito** a ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, tras aviso ao empresario e xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo (art. 26.5 LPRL).



AVALIACIÓN INICIAL

Obtense a relación de postos de traballo exentos de risco.



AVALIACIÓN ADICIONAL

Cando a traballadora comunica a súa situación.



PLANIFICACIÓN PREVENTIVA

Se existe risco e non se puido eliminar:

- ▼
 - _Adaptación das condicións ou do tempo de traballo.
 - _Cambio a un posto de traballo exento de risco.
 - _Suspensión de contrato por risco durante o embarazo ou a lactación natural.

ISSGA

INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



galicia



ISSGA.XUNTA.GAL



XUNTA
DE GALICIA